



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

18.- PROPOSTA DE DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA REDE DE ENTIDADES LOCAIS POLA TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA FEMP. EXPTE. 1474/1102.

Dáse conta da proposta de data 07/07/2023, asinada pola Secretaria de Goberno Local e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

A Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) constituíu o 24/02/15 a "*Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana*", coa finalidade de promover a innovación e a mellora permanente na relación entre os Gobernos Locais e a cidadanía baixo os principios do Goberno Aberto e mediante o intercambio de experiencias e desenvolvemento de proxectos.

O Concello de Vigo, acordou en sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 30 de marzo de 2015, a súa adhesión á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP (EXPTE. 20/1102 (REXISTRO PLENO 1073/1101) e conforme o artigo 8 das normas e funcionamento procede designar representante do Concello de Vigo

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado na Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá da FEMP pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dna. Patricia Rodríguez Calviño .



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/08/2023 09:52	Páxina 1 de 2
1474-1102	CSV: A1A12E-DHCBDE-AF228H-XW9GZW-ZFJDSR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Rede de entidades locais pola transparencia e participación cidadá da FEMP aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- Publicar o presente acordo na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a anterior proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/if.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/08/2023 09:52	Páxina 2 de 2
1474-1102	CSV: A1A12E-DHCBDE-AF228H-XW9GZW-ZFJDSR-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		